



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

BANDO:

BONIFICACIÓN DO NOVENTA E CINCO POR CENTO (95%) DA COTA ÍNTEGRA DO IMPOSTO PARA AQUELES INMOBLES NOS QUE SE DESENVOLVAN, TOTAL E EXCLUSIVAMENTE, ACTIVIDADES AGRARIAS OU GANDEIRAS PERTENCENTES AO SECTOR PRIMARIO.

O Artigo 7.2 da **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI)** dispón que:

<<7.2. Gozarán dunha bonificación do noventa e cinco por cento (95%) da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que se desenvolvan, total e exclusivamente, actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración. A bonificación terá carácter rogado e producirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da presentación da solicitude, sen carácter retroactivo. Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Certificado de Facenda no que conste a situación censual do solicitante.*
- b) Acreditación da titularidade catastral do inmovle.*
- c) Certificado de non ter débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.*
- d) Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza de actividade correspondente.*

O concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación>>

A bonificación ten carácter rogado e producirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da presentación da solicitude, sen carácter retroactivo.

POLO QUE RECÓRDASE A TODOS OS POSIBLES BENEFICIARIOS DA BONIFICACIÓN PARA O ANO 2020 QUE DEBERÁN SOLICITAR A APLICACIÓN DA BONIFICACIÓN MEDIANTE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE ANTE O CONCELLO ANTES DO DÍA 19 DE NOVEMBRO DE 2019.

Lousame, a 25 de outubro de 2019.

A Alcaldesa,
María Teresa Villaverde Pais.

